



25/03/2015
Boletín Nº 126



ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

17 DE ABRIL 2015

A actual Xunta Directiva en reunión do día 04/03/2015 acordou ao abeiro dos artigos 20-21 dos nosos Estatutos convocar Asemblea Xeral Ordinaria o próximo día 17 de abril ás 20.00 horas en primeira convocatoria e ás 20.30 horas en segunda convocatoria, segundo á orde do día que se expón a continuación.

Lugar: local social, Avda. Camelias 78, oficina K, Vigo

Orde do día da Asemblea Xeral Ordinaria

- Aprobación se procede, da actas anteriores
- Presentación e aprobación, se procede da Memoria de actividades do ano 2014
- Presentación e aprobación, se procede, das contas do ano 2014
- Presentación e aprobación, se procede, do calendario de actividades do ano 2015
- Presentación e aprobación se procede, do orzamento para o ano 2015.
- Propostas dos asociados.
- Eleccións á presidencia do Club. Proposta de data
- Rogos e preguntas.

As actas das Asembleas Xerais Ordinaria e Extraordinaria do día 01//04/15 non serán lidas e estarán a disposición dos socios na oficina do Club e /ou no taboleiro de anuncios a partir do día 01/04/15, xunto coa seguinte documentación: Censo de socios con dereito a voto, Balances e conta de resultados de 2014..

OPERACIÓN BENXAMÍN

Pequenos montañeiros!!! Xa estamos preparando a Operación Benxamín. Xa sabedes contade con facer amigos, e aprender moitas cousas de montañas, sendeiros, escalada....

Día de presentación no club: 24 de abril ás 20.00 horas

Iste ano os días previstos para a actividade que se desenvolverán

todas no mes de maio serán:

9-10: O Courel

16-17 Galiñeiro

23-24- Illas Cíes

Día de claurura: 29 de maio

Ídevos preparando. Vai ser divertido



CONTIDOS	
Vindeiras actividades	2
Infantil	3
Pequemarcha	4
Esquí	5
Montaña/sendeiro	6
Social	7
Espeleo	8

PROXECCIONS NO CLUB

En vindeiras semanas, e sempre coincidindo en venres, faremos diferentes proxeccións e charlas no club. Aquí tedes un avance das próximas.

- 10 de abril: -O eslabón perdido. Documental de Pablo Ces, sobre Bendecorme, "Perce-b-oulder"
- Pendente de datas: -Ascensión ao Kilimajaro. Por Carlos Fernández
- Primeira Ascensión ao Gran Capitán
- Psicoloxía nas caídas de Escalada.



VINDEIRAS ACTIVIDADES MONTAÑA - SENDEIRO

SEMANA SANTA EN GREDOS

Faremos dous grupos e diferentes actividades para cada un deles, para que vos anotedes segundos as vosas preferencias e capacidade.

O grupo de **Montaña aloxarase no Refuxio Elola** para facer cumios e deberán transportar todo o material ata alí (unhas 3 horas dende a Plataforma, onde nos deixará o bus). **Imprescindible crampóns e piolets**. Deixaredes roupa limpa no autobús para o regreso- parece que no refuxio non hai duchas-

O grupo de **sendeiros estará aloxado no albergue Navacepeda de Tormes "Albergue Injucam"**, moi cerca da Plataforma. Non precisaredes levar crampóns. **Levaredes preparada unha mochila de ataque para o primeiro día.**

DÍA	MONTAÑA	SENDEIRO
SAÍDA DENDE VIGO O DÍA 1 DE ABRIL- ÁS 23,50 HORAS <i>(*as actividades poderán sufrir alteracións segundo as condicións meteorolóxicas ou outro tipo de incidencia a criterio da organización)</i>		
Xoves día 2/04/15	Plataforma- Laguna Grande- Refuxio Elola (3 h.) Cumio Casquerazo 2.436m (4-5 h. aprox.)	Plataforma- Laguna Grande – Refuxio Elola –Plataforma (5 h. aprox.)
Venres día 3/04/15	Elola- Almanzor 2.592m. Monte máis emblemático de Gredos, pola vía normal o Portilla del Crampon – Elola (7-8 h aprox.)	Garganta del Bohoyo- Refuxio de Belesar (Camino de Miguel de Unamuno) (7h. aprox.)
Sábado día 4/04/15	Dende Refuio Elola pola canle dos Xeógrafos, ascensión A Galana 2.564m), subida técnica. (7h aprox.)	OPCIÓN A: Navalperal de Torme- Cinco Lagunas (pola garganta do Pinar) (8-10h, desnivel 850m). OPCIÓN B: Puerto Umbrías- Lagoa de Barco. (5h. aprox.) desnivel 434m. A opción que se faga dependerá das condicións.
Domingo 5/04/2015	Refuxio Elola- Plataforma	Navacepeda de Tormes- Ponte do Duque. Paralela a río Tormes (3h). De aquí á Plataforma en Bus.
CHEGADA A VIGO CARA ÁS 20.00 HORAS		

Encontraredes o Track das ascensións en Wikiloc e Mendikat.

*Máis info na web do club

VINDEIRAS ACTIVIDADES DE ESPELEOLOXÍA

2-4 ABRIL	Semana Santa Espeleolóxica. Cantabria ou Asturias.
9-10 MAIO	XXVI Campamento Descenso de Canóns. FGE-EC- Cintolo. Folgoso do Courel (Lugo).
6-7 XUÑO	XLVIII Campamento Galego de Espeleoloxía. FGE-CE A Trapa. Seoane do Courel (Lugo).
20-21-XUÑO	XVIIIX Campamento Infantil-Xuvenil de espeleoloxía. FGE-GES M Celtas.

CONTACTO COA NEVE EN MANZANEDA

Texto: Penélope Aranda

Na primeira semana do ano fomos á estación de Manzaneda, actividade que sempre gusta a grandes e pequenos. Fomos un grupiño de vinte persoas entre nenos, monitores e colaboradores a gozar dun día na neve. O día foi espectacular, ceo azul, sol brillante e sobre todo un montón de neve e.. un montón de xente que tiña o mesmo obxectivo que nós, gozar dun día diferente rodeados de neve.

Sáimos ben cedo de Vigo para poder chegar ao mediodía. A pesar do camiño os nenos ían entretidos coa película “Os Piratas do Caribe”. Fixemos un par de paradas técnicas , pero chegamos á hora prevista. Pero...cando quedaban poucos quilómetros antes da Estación había un montón de coches parados nas cunetas. Como eramos un autocar, non puidemos pasar. Aquilo parecía a “gran invasión”. Segundo nos dixeron, o día foi de máxima afluencia do ano.

O noso condutor aparcou o máis cerca posible da entrada, así que tivemos a sorte de ter que andar pouco. Pertrechámonos coas mochilas e andamos ata o refuxio de montaña Club Alpino Ourenán. Pero, o máis divertido foi chegar ata alí pola gran cantidade de neve que había.

Moitos dos nosos montañeiros caían sobre a neve, e o certo é que non lles importaba, porque así collían munición para poder botarlle aos outros. Tras cruzar a pista onde os esquiadores facían as súas exhibicións, chegamos ao refuxio, que agradecemos un montón porque así puidemos comer con tranquilidade. Pero os nosos montañeiros foron tentados pola fresca neve e fixeron a comida máis rápida da historia, e tras terminar estiveron xogando: uns facendo bolas xigantes de neve, outros facendo bonecos, outros deslizando en zorras, outros utilizando raquetas de neve.... Dende logo, ninguén estivo parado!!

Á hora fixada estabamos no autocar para cambiar a roupa e regresar a Vigo, pero a sorpresa foi que debido a que un coche aparcou onde non debía, non deixaba pasar o autobús, polo que tivemos que esperar case dúas horas ata que apareceu o dono do coche, iso levou un gran atraso ata chegar a Vigo, pero como o pasamos estupendamente, o feito de chegar máis tarde, non empañou o marabilloso día de neve.



DESCUBRINDO O PARQUE NATURAL DO MONTE ALOIA

Texto e fotos: Penélope Aranda

Na segunda saída do ano sete intrépidos montañeiros xunto con dúas monitoras, puxémonos en marcha o pasado 28 de febreiro e fomos descubrir as marabillas do Monte Aloia, a pesares do temporal de chuvia e do mal tempo. Deixamos os coches detrás do centro de interpretación (casa forestal), e deu comezo a ruta “Rego de Pedra”, que recibe este nome porque discorre paralela a un antigo rego de pedra que se construíu para abastecer de auga aos veciños.

Durante o camiño fomos observando as árbores máis características do bosque típico galego (carballos, castiñeiros..), e sobre todo aprendendo a diferenciarlos pola súa folla.

Debido á intensa poalla, os fentos e os musgos que había polo Rego, parecía como se estiveramos nun bosque encantado e de pronto fora aparecer unha fada ou un gnomo saltarín.

Pasamos pola senda botánica e tras tres horas de chuvia, fomos xantar ao refuxio. Alí cambiamos as roupas e nos quentamos cerca da cheminea que amablemente tiñan acendido os participantes no curso de cociña.

Despois de xantar e como seguía a chuvia, puxémonos a cantar e estabamos tan, tan, tan inspirados que entre todos fixemos a canción da sección. Despois fixemos un xogo de preguntas sobre a flora que viramos.

Finalmente regresamos a Vigo moi despaciño xa que a chuvia era moi insistente, pero nós nos mantivemos firmes e chegamos san e salvos ao noso obxectivo



PEQUEMARCHA NO GALIÑEIRO PARA INICIAR O ANO “PEQUEMARCHEIRO”

Nenos e maiores pasáronno en grande na primeira saída do ano no Coto do Mediodía. Xa, todo un clásico para os máis pequenos da casa

Texto e Fotos: Lourdes Castiñeira



A primeira Pequemarcha do ano xa convertemos en costume que se realice na Serra do Galiñeiro. Esta, a do 2015, celebrámola nos arredores do Coto Mediodía o 7 de marzo.

Foi unha actividade fantástica, quizás unha soa pega : un percorrido algo pequeno a xulgar polo marchosos e marchosas que estaban os protagonistas desta actividade, que non son outros que os nenos e nenas comprendidos entre 0 e 8 anos.


O fermoso e soleado día, adianto de primavera incluso con calor, fixo que alargáramos a actividade ata o atardecer cando comezaba a refrescar. Parecía que os peques estaban a competir a ver quen quedaba ata máis tarde do ben que o estaban pasando.

Comezamos ás 10,30h axeitando os coches no aparcadoiro da Ermida da Virxe das Neves, e iniciamos o percorrido por pistas tapizadas de herba, entre castiñeiros e piñeiros rodeando o Coto Mediodía polo leste para chegar á área recreativa de Zamáns, non sen antes ter as paradas obrigadas: observar unha musaraña, unha mámoa,... etc. Como, incluso coas paradas, se fixo o percorrido bastante rápido había tempo para acometer o cumio do Coto Mediodía antes de xantar, pensando que o ascenderían so os nenos e nenas maiores. A sorpresa foi maiúscula cando vemos que incluso algún e algunhas de dous anos se atrevían a ir botando un pe diante do outro, levantando as pernas no que para a súa estatura era unha boa escalada, e coa axuda de nais e país, aí chegaron a gran maioría dos participantes, ao cumio do Coto Mediodía, 654m que acumulan estes novísimos montañeiros e montañeiras no seu currículo. Felicidades!!

A continuación, na zona de esparcemento, no Chan do Doural de Vigo, houbo tempo para o xantar e para xogos varios e incluso para un curto percorrido polos arredores achegándose a todos os mini-outeiros que estaban coroados de rochas como se dunha travesía de semicumios se tratara, sen importarlle aos toxos nin a outra vexetación molestar ás pernas, que había que atravesar.

Xa de tardiña retornamos aos coches para regresar a casa esperando a próxima pequemarcha o vindeiro mes.





ESQUÍ DE TRAVESÍA EN SOMIEDO

O Alto da Farrapona (1.707m) é un dos pasos naturais que enlazan a comarca leonesa de Babia con Asturias. Popularizado por converterse nos últimos anos nun final de etapa habitual da Volta Ciclista a España, o seu acceso dende a localidade leonesa de Torrestío está flanqueado ao Norte por unha longa cordal que arrinca nos Bígáros, en tanto que no Sur vemos primeiro a mole de Peña Redonda, para logo abrirse nas praderías do val da Forcada. Esta contorna foi o escenario da primeira xornada de esquí de Travesía organizada por Montañeros Celtas o pasado fin de semana do 7 e 8 de marzo.

Texto: Ignacio López-Guerra
Foto: Fernando Fernandez Rey

Aínda que despois das históricas precipitacións de febreiro esperabamos moita máis neve, o certo é que puidemos calzar os esquís nas últimas casas de Torrestío e iniciar a marcha pola pista que ascende cara ao alto da Farrapona. A uns dous quilómetros, nada máis pasar a zona máis angosta desta pista, desvíamonos cara á dereita por un tubo que na súa primeira parte presenta unhas pas de certa inclinación. Tras superalas accedemos á zona dos portos de Balbarán e pouco despois chegamos ao pico Los Chorros, sen neve nesta ocasión. Dende aquí, e deixando á nosa dereita a cima dos Bígáros iniciamos o descenso ao Alto da Farrapona por unha ampla ladeira cunha excelente neve primavera.

Dende a zona do aparcadoiro, totalmente cuberto agora, unha parte do grupo decide ascender ao próximo **Alto do Colladín (1.800 m)**, en tanto que outros o flanquean. Reunímonos todos para comer algo xunto a unha das cabanas que hai á beira do regato da Forcada. Dende alí iniciamos o ascenso ao collado que separa Os Riondos de Peña Redonda. A orientación norte desta ladeira fai que sexa o sector do percorrido onde a neve está máis endurecida. Pasado este collado decatámonos de que a neve non chega ata o cumio de **Peña Redonda** polo que a maioría do grupo limitábase a alcanzar a zona onde aparece rocha e a maleza e tan só os máis animosos acadan andando o cumio.

Ao cambiar de vertente, e dado a calor que fixo durante todo o día, a neve vaise abrandando segundo perdemos altura ata chegar ao Val de Valverde polo que regresaremos a Torrestío.

Para o segundo día de actividade, e dado que temos que contar cos 400 km que nos separan de Vigo, buscamos unha ruta que nos permita estar de volta cedo. Decidimos dirixirnos á **Peña Chana de Somiedo (2.068m)**, partindo da localidade da Cueta. Ao tratarse do aldea máis alta de León (1.400m) e de ter unha boa orientación, todo o percorrido está cuberto dunha excelente capa de neve. A ruta é inicialmente un suave ascenso en dirección norte ao longo das pradería da Espiña ata alcanzar o collado Sobre el Auga (1.804m). Aquí viramos cara á esquerda e iniciamos a parte máis dura da ascensión por unha sucesión de pas de distinta inclinación que nos levan ao alargado cumio desta montaña que nesta ocasión podemos alcanzar cos esquís postos. O rapidísimo descenso deste simpático monte, a través dun longo tubo paralelo á zona que utilizamos para ascender, cunha neve absolutamente perfecta, e sen ter que nos descalzar os esquís ata a porta do bar onde imos comer, convértese sen dúbida nunha desas razóns que fan que o esquí de travesía nos siga atrapando

TRILHO DO GLACIAR DO ALTO DE VEZ

Texto: Emilio Ballesteros. Foto: Pilar Filgueiras

“Os españois son veciños, os galegos son irmáns” Así resumía un veciño de Porto Cova (inicio e remate do roteiro) as similitudes e outros comentarios con nós. Preguntáballe, sobre todo, por varias construcións da aldea e outras que atopamos polo camiño. Palleiros, dicía, a parte superior son palleiros e a parte inferior para o gando. Os chozos que atopamos eran para o gando. Coa porta tan pequena? Antes as vacas eran moito máis pequenas. Cabuxas e ovellas? Non, só vacas, para carne, cachenas. Os muíños estaban ao lado do aldea. E os socalcos tan preciosos e tan traballados? Para millo, feo (feno) e patacas. Para consumo da casa e os animais. Agora se traballan menos, a xentes apenas ten vacas,... ou xa non ten. Os novos marcharon moitos a Francia. Estes falares nos levaban ao vocabulario, tan similar ao noso, pola vecindade dicía eu. Coa frase do comezo me saltou el. E dixo que na vilas grandes non había esa similitude, pero que nas aldeas pequenas e afastados era moi grande.

O roteiro, espectacular, precioso. Saíamos de Porto Cova atravesando a aldea cando a xefa LQ avisa que a subida é longa e pronunciada (tres non comezaron porque un se atopaba mal). Pronunciada-empedrada-preciosa. Ascendimos con coidado, pois estaba todo mollado, marabillándonos do traballo de adoquíns ao comezo, e logo de lousas que tanto traballo deberon dar, sen quitar ollo das rodeiras dos carros marcadas na pedra. Subir ou baixar carros polas pendentes aquelas... non debían “cantar” nen nada. Ata alguén dixo... “menos mal que nos queda Portugal” Aquí podemos atopar estes centenarios camiños labrados polo home e o carro tal como eran... sen

cementar nen asfaltar, aínda que non fixera falla.

Camiñado paralelos ao río Vez, cara á zona alta, divisamos as primeiras manchas de neve. Así de bonito... e sen chover. Parada para xantar (aire libre ou galpón cuberto). Ao estar parados, a frescura faciase frío, así que non



demoremos, que ademais aparecían finísimas folerpiñas.

Seguíamos ascendendo e perdemos de vista... todo! A néboa envolveunos e as folerpiñas comezaban a medrar... e vaia se medraron. Cando comezaba o descenso a nevada foi xeitosa. Apenas 25 minutos, pero abundante. Como dixo alguén, era a guinda para tan lindo roteiro. Nesta zona houbo que consultar o gps de Carmen un par de veces pois os camiños non andaban claros. Co descenso parou a neve e a néboa, podendo gozar de espectaculares vistas de fervezas caudalosas, brañas xeitosas, aldeas abandonadas e chozos que nos falaban doutros tempos, menos silenciosos polos maiores andando co gando e os cativos a xogar e mesmo traballar.

Así, paseniño, gozosos, chegamos ao punto de partida. Baixamos nos coches a Sistelo para dar una volta polo pobo ben coidado e despedirnos estilo sibirita: con dúas cervexas e alomenos 15 oportos. Que tropa!!! Que marabilla!!!

O SEIXO, A MONTAÑA MÁXICA



Saúdos alegres e conversas cruzadas para unha xornada máxica, desenvolvida o pasado día 15 de febreiro

Texto: Mela Lago. Foto: Conchi Núñez

Cando chegamos a Cercedo, subiu ao noso autobús o profesor Carlos Solla que apenas sentarse, comezou a relatarnos a increíble historia do pirata” Benito Soto”, nado na Moureira (Pontevedra) e azoute da mariña inglesa. A súa relación co Monte do Seixo, parece ser un tesouro seu que por Cercedo apareceu hai xa algún tempo. Carlos foi o noso guía por unha ruta de lendas míticas entre castros, mámoas e menhires.

O primeiro sitio que visitamos foi a” Pedra da cama”, onde ían as parellas da vila por ver de experimentar outros procedementos e feiturax.

Quen estivo rápido puido, dende alí, aproveitar o despiste da néboa e contemplar os restos da” Lagoa grande,” onde os nosos devanceiros cazaban con toda seguridade, por ser lugar de moita auga, calquera cousa que alimentase.

Retomamos logo o camiño cara o “Outeiro do Castro ou Castro Grande”, que non é a usanza de como se entende hoxe un castro, senón que se trata dunha elevación pétreo na que podemos observar a cova do Rato Rabisaco, que so sae do seu acubillo nas máxicas noites de San Xoán, e que pega tres chimpos e que co último chega a lúa. Tamén parece que esa mesma noite, sae unha galiña a pasear con sete pitiños que hai que atraer cara a un para posuír os tesouros do castro. Claro que se a moura que alí vive, se decata de que so che interesan as riquezas deste castro e que o teu amor por ela non é verdadeiro, cando entres na cova fará que as vigas e as tellas de ouro da oca peneda caian sobre tí, e alí fiques para sempre.

Do Castro Grande, polo “Camiño das Pedras Guiadas”, corredor de 500 m de longo e franqueado por dúas ringleiras de pedras fitas, hoxe caídas e cubertas de vexetación, fomos ao “Chan das Mamas” onde hai varias saqueadas xa

dende os tempos de Felipe II, rei que lle outorgou ao clérigo Vázquez de Orjas, unha cédula que lle daba permiso para abrir as mámoas de Padrón e Caldas de Reis, e que desatou unha febre do ouro que se estendeu por toda Galicia e provocou a violación de practicamente todas as mámoas do país.

Dende aquí, e monte a través, cruzamos as” Lagoas do Xestido” que hoxe permanecen sepultadas baixo toneladas de terra que a mediados do século XX, a administración quixo converter en pastos e que por situarse lonxe das casas, ninguén utilizou nunca.

Dende aquí subimos ao “Marco do Vento”, a gran pedra fita de impresionantes dimensións. Linde territorial entre os conventos lucense e bracarense primeiro, e dos concellos de A Lama, Forcarei, Cercedo e Cotobade despois. Hai tamén quen defende que antes que marco foi monumento sagrado deste espazo mítico. En todo caso, é doado supoñer que o nome desta montaña máxica se deba a esta gran pedra, xa que “seixo” significa pedra e o nome do monte fai referencia, en singular, a ela.

Unha vez alí, cómpre observar a veta do marco e constatar que é perpendicular a das outras pedras que a arrodean e concluir que non foi a natureza quen a chantou dese xeito e que se necesitaron homes, animais e inxenio para facer dela un gran menhir de 30 m cúbicos.

Foi nese momento cando sentín unha inmensa pena polo triste destino do monte do Seixo, cruzado hoxe por multitude de pistas que permiten o paso dos grandes convois que ata alí levaban aeroxeneradores de xigantes aspas que cortan o vento da montaña máxica.

Antes de abandonar este lugar encantado, visitamos a Porta do Alén, a porta que nos permite pasar ao mundo dos mortos na noite do Samaín, para falar, cada un cos seus, de asuntos que deben quedar para sempre en segredo a risco de padecer da voz tomada sen atopar nunca remedio que a cure.

Baixamos logo a Cercedo, que hai fame xa. Cada un busca o que mellor lle praxe. Eu opto polo meu bocata cunha boa cervexa e para reconfortar o corpo nun día tan desapacible, unha sopa de cocido capaz de disipar a néboa que aínda levo prendida.

Apenas rematamos, estamos de novo en marcha, pois aínda nos agarda un interesante paseo por camiños e aldeas que a piques están de desaparecer baixo un novo encoro.

Visitamos, por último, a aldea preciosa de Vichocuntín, que nos agasalla coas súas fermosas casas, canastros e muíños, construcións que supoñemos grandes e prósperas noutro tempo, hoxe xa, abandonadas.

O camiño de volta faise curto e máis animado que outras veces. Aínda que non o parece, pola cantidade de cousa que vimos, so estivemos de monte un día. Algúns intentamos poñer orde a toponimia entre tanta lenda. O empeño provócanos risa.

Deixamos o Seixo entre a néboa. Así se perdan do burato do Rato Rabisaco os que alí suban a fender a maxia da montaña.

ENTROIDO EN CELTAS

Texto: Emilio Ballesteros. Foto: Conchi Núñez

Miña nai! Canta xente. Este ano non cabemos!!! Sería o chicutate? Os globos e xogos? Quizais o roncón?... Ata había quen presumía de mocinha, presentada en sociedade (na do club). Pois si. Moitos, moitos nenos e moitos-moitos maiores (algún destes disfrazados de demos...si, eran demos, vestidos coma todos os días). O tempo de chuvia queremos pensar que non influíu, máis quen sabe?

Tan ben foi a cousa (xogos-risas-festa) que coa música e cousas preparadas arredor dela non se fixo nada, non había xeito de orghanisar a todos eses tolos baixiños, do ben que o estaban pasando. A decoración axudaba, os globos voaban por doquier, risas e carreiras... alto! Que pasa? Por que todos paran e calan? Ah, demo de xente. Aparecen Merchi e



Conchi co chicutate e roscón... Ata algún maior parecía impaciente... Sudados, cun sorriso amplo e o bandullo cheo, despedímonos ata o próximo Entroido

CEA ANUAL 2015

Texto: Emilio Ballesteros



Este ano celebrámo-la cea no mesmo lugar que o ano pasado, cun chisco menos de amigos, máis cun montón de saúdos e abrazos, añoranzas e lembranzas, aventuras e cotilleos...

Dous socios facían 50 anos que entraran no club (xa eran socios en 1965!!!) e recolleron a medalla de ouro, mentres que 9 socios da colleita dos 90 recolleron a de prata. Ata houbo quen entre risas colleu dúas, que para iso pagaba dúas (xa sabedes.... o rapás no monte e os pais pagan a cota.... Normal!!)

Os que nos vemos cada ano nas ceas, os que nos vemos a miúdo,... todos contentos e animados, contando como entraron no club, algúns detalles relacionados coa familia (celtas, compañeiros de montaña). Ata houbo quen falou varias veces, que para iso varios amigos eran homenaxeados.

Sinxela, entrañable, emotiva,... todo discorría nun ambiente apacible. Ata a “presi” acertou co seu discurso de apertura, agradecendo a presenza de todos, destacando as novidades do ano, que resumiu nas actividades das pequemarchas (xa consolidadas), das de familia en natureza, das exitosas de escalada e do arranxo grande do refuxio do Aloia (queda a espiniña da auga e saneamento) e lembrando que 2015 será ano de renovación, pois o seu tempo presidencial remata co ano.

Máis nada? Que va, non marchou ninguén: formáronse dous grupos interconectados: os de charla-charla animada, falando de todo, e os de baile, tamén bailando de todo.

Bises na derradeira canción, que estirou máis a velada e, sorprendentemente, cando todo, e digo todo, rematou, vemos unha ducia deles sentados arredor dunha mesa charlando tan alegremente que parecía que non tiñamos casa. Aínda estivemos tempo bastante. Con esta xente calquera ten présa.

ASEMBLEA GES M CELTAS 10 xaneiro 2015

Texto: Carolina Rodríguez

Unha vez máis, a principios do novo ano, celebramos a Asemblea da sección de espeleo para facer balance do ano pasado e programar as actividades deste ano.

Destacouse que no ano 2014 a Sección cumpriu 60 anos, encargándose para a ocasión axendas, chaveiros e moedeiros conmemorativos. Celebráronse diversas charlas e proxeccións, que foron levadas a cabo no mes de outubro no club. Tamén fíxose unha exposición de diverso material da época e o actual, con dous maniquís cedidos ao club por Abel Rguez-Moldes.

Leváronse a cabo as 7 saídas oficiais do calendario do club, cun gran éxito de participación, xa que entre todas movéronse 160 persoas.

Ademais, fixéronse varias saídas fóra de Galicia, sobre todo a Asturias e Cantabria, onde se colaborou nos campamentos/campañas do AER (Serra do Mortillano-Cantabria), GE Polifemo (Camino de Ario-Picos de Europa, Asturias), GE La Lastrilla (Peña Castil-Picos de Europa-Cantabria), SCOF, CADE (Cueva Güerta e outras cavidades), etc

Colaboreuse coa EGE e participouse nas actividades da FGE.

Ese mesmo día pola mañá tivo lugar a asemblea da FGE, onde se aprobaron entre outras cousas, o cambio de aseguradora e os novos prezos das licenzas da FGE para o 2015. Como novidade, as pernoctas nos refuxios da FGE serán gratuítas para os federados pola FGE.

Ademais, explicouse aos presentes que no 2014 iniciouse o proceso electoral na FGE para a renovación da presidencia, comisión delegada e asemblea. O club está presente na Asemblea como membro nato e esta nova lexislatura temos a Miguel Caramés como representante de técnicos e a Abel Rodríguez-Moldes Rodríguez como representante de deportistas. Tanto o club como Miguel (rep. Técnicos) tamén formarán parte da Comisión Delegada.

Despois de hora e media de asemblea comezáronse a abrir bolsas, destapar pratos e abrir botellas para celebrala xa tradicional cea da Sección, á que acoden moitos socios que, aínda que lles é complicado participar nas actividades ó longo do ano, non esquecen o ben que se alimentan estes espeleólogos.

SAÍDA INFANTIL XUVENIL DE ESPELEOLOXÍA



Texto e fotos: Carolina Rodríguez

Despois de varios aprazamentos por diversas causas, parecía que a actividade non ía saír adiante, xa que tiñamos moi poucos rapaces anotados, pero parece que a xente deixa todo para última hora e o mércores, derradeiro día para anotarse á actividade, xa tiñamos 32 participantes (entre nenos e adultos). Menuda tropa!!

A pesares do frío que fíxo, a verdade é que o pasamos estupendamente. Fixemos varios grupos, xa que eramos moitos, e nos dividimos en varias cavidades da zona. Visitamos o Pozo do Souto, con aqueles que xa sabían progresar pola corda, e visitamos tamén a Pala Silvertto, o Complexo Zorra-Despiste e Pala Pombeira, cavidades horizontais sen ningunha dificultade técnica.

Era a primeira experiencia espeleolóxica para Aloia (3 anos), Aitana (8 anos), Iris (10 anos), Lucía (7 anos), Víctor (8 anos), Candela González (14 anos), Miguel Ángel (14 anos) e para Marcos e Erea (maiores).

Edita: Club Montañeiros Celtas
 Dirección, deseño e maquetación: Marisa Núñez
 Colaboran neste número: Penélope Aranda, Lourdes Castiñeira, Ignacio López-Guerra, Fernando Fernandez Rey, Emilio Ballesteros, Conchi Núñez,
 Pilar Filgueiras, Melu Lago, Carolina Rodríguez
 Club Montañeiros Celtas non comparte, necesariamente, as opinións dos
 colaboradores
 Imprime Garpe Infogafria: depósito Legal VG-40-1998
 Impreso en papel reciclado

Tedes máis información das actividades
 na páxina web e no Club

ABRIL	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	2 a 5	Semana Santa Gredos	Montaña/Sendeirismo
	2-5	Semana Santa Espeleo (Cantabria)	Espeleo
	17	Asamblea ordinaria	
	19	A determinar	Montaña/Sendeiros
	19	Pequemarcha	Cultura/M. Ambiente
	24	Presentación OB	Infantil
	26	Sendeiro do Barragan	Infantil

MAIO	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	1-3	Picos ou Ubiña	Montaña/Sendeirismo
	1-3	XXV Campamento galego de Descenso de Canóns. Courel	FGE-EC Cintolo
	9-10	OB (1º)	Infantil
	10	1º Xornada de iniciación a escalada	Escalada
	16-17	OB (2º)	Infantil
	23-24	OB (3º)	Infantil
	24	Pequemarcha (San Simón)	Cultura/M. Ambiente
	29	Clausura OB	Infantil
	30	Natureza en familia: Illas Cies	Cultura/M. Ambiente
	30	Inmersión Ría de Vigo	Mergullo
	31	Integral Xabriña	Montaña/Sendeirismo
31	2º Xornada de iniciación a escalada	Escalada	

XUÑO	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	6	Copa Escalada Base – Vigo (FGM – CM Celtas)	Escalada
	6-7	XLVIII Campamento Galego de Espeleoloxía. Courel	FGE-CETRA
	13-14	XXVIII Marcha Galega con Vivac (FGM-Celtas) (Conchi)	FGM/Celtas
	20	Pequemarcha Cangas-Moaña	Cultura/M. Ambiente
	21	Illa de Cortegada	Montaña/Sendeiros
	20-21	XIX Campamento Infantil Xuvenil de Espeleoloxía	FGE-GES M CELTAS
	27	Convivencia Mergullo-Iniciación ao medio subacuático	Mergullo
28	Saída infantil	Infantil	

CLUB MONTAÑEIRO CELTAS

Avda. Camelias, 78 Oficina K – 36211 Vigo.
 Teléfono: 986 438 505
 Internet: www.celtas.net
www.celtas.gal
 Correo electrónico: info@celtas.net

Precisamos colaboradores nas diferentes seccións do club, especialmente na SECCIÓN INFANTIL.

Descubre o gratificante que é organizar actividades ao tempo que compartes experiencias e gozas do medio natural.

O traballo de todos é o futuro do noso club. Toda man é boa!!.

**COLABORA CO TEU
CLUB!!!**